



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Comisión Especial de Contas de data 28 de xullo de 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000241 / 2026/G012/000001

ANTECEDENTES:

O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Coirós (BOP nº 21 do 02.02.2010) regula o funcionamento da Comisión Especial de Contas na Sección 5ª do Título III, artigo 49.

O Pleno da Corporación acordou a creación da Comisión Especial de Contas na sesión organizativa celebrada o 30 de xuño de 2023. Está composta por todos os membros da Corporación.

Tendo que someterse a informe da Comisión Especial de Contas, nos termos previstos polo artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e antes do primeiro de xuño, a conta xeral referida ao exercicio orzamentario 2025 do municipio de Coirós.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar a sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas para o vindeiro martes 28 de xullo de 2026, ás 14:00 horas, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1º. Ditame sobre a conta xeral do exercicio 2025. Expte. 2026/T017/000001

Segundo.- Notificar a convocatoria da sesión aos membros da Corporación e remitirles a documentación a través do correo electrónico.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).